

BBVA

Creando Oportunidades

Servizo de Testamentarías

Guía de axuda para os herdeiros

Índice

Introdución	2
Documentos que vas necesitar	3
1 / Certificado de defunción	4
2 / Certificado de últimas vontades	5
3 / Testamento ou acta de notoriedade de declaración de heredeiros	6
4 / Documento de aceptación e adxudicación de herdanza	7
5 / Liquidación do imposto de sucesións	8
Proceso de testamentaría no BBVA	9
1 / Comunicación de falecemento	10
2 / Certificado de posicións	12
3 / Documentación para a repartición	14
Recomendacións para ter en conta no momento de elaborar o documento de aceptación e adxudicación de herdanza	16
Anexo de Modelos de documentos	
1 / Contrato servizo asesoramento premium	
2 / Modelo de documento de partición privada con disolución de sociedade conxugal	
3 / Modelo de documento de partición privada sen disolución de sociedade conxugal	
4 / Modelo de documento para ruptura de proindiviso	
5 / Modelo de documento para capitalización de usufruto	
6 / Modelo de documento para conformidade de cotitular non herdeiro	
7 / Modelo de documento para solicitude de anticipo para o pagamento do imposto de sucesións	

Introducción

No BBVA somos conscientes da dificultade que pode implicar a tramitación dunha herdanza. Para axudarte, elaboramos unha guía con información práctica e detallada sobre os documentos e xestións necesarios para completar o proceso.

Ademais, poderás solicitar ao noso equipo de especialistas en testamentarías que te asesore e te oriente na elaboración dos documentos necesarios ata completar o proceso de adxudicación das posicións do falecido no BBVA. Para iso, contamos cun servizo de Asesoramento Premium a Herdeiros, que poderás contratar unha vez acreditado o tipo de intervención que tes na herdanza, asinando o documento do anexo 1.

Como solicitante do trámite, poderás levar a cabo o proceso no BBVA a través das seguintes canles:

- Se es cliente do BBVA e usuario de bbva.es, podes facelo no teu espazo persoal > Os meus trámites > Tramitación de herdanzas.
- Se es cliente do BBVA pero non es usuario de bbva.es, podes facelo en calquera oficina. Recomendámosche que te fagas usuario de bbva.es no propio web ou en calquera oficina BBVA, xa que por esta canle recibirás resposta de maneira máis rápida e sinxela.
- Se non es cliente e estás rexistrado no espazo usuario, podes facelo entrando desde un ordenador na páxina principal de www.bbva.es. Accede á túa área persoal e selecciona "Tramitación de herdanzas". Ou, se o prefires, podes ir a unha oficina BBVA.
- Se non es cliente e non estás rexistrado no espazo usuario, para solicitares o trámite de forma dixital debes crear o teu usuario neste espazo. Ademais do servizo de tramitación de herdanzas, aquí encon trarás información sobre funcionalidades da app e servizos financeiros do banco. É gratuíto e non te compromete a contratar nada. Se non queres rexistrarte no espazo usuario, tamén podes ir a unha oficina.

Máis información sobre a solicitude dixital de tramitación de herdanzas

Esperamos que esta guía che sexa de utilidade.

Documentos que vas necesitar

1 | Certificado de defunción

2 | Certificado de últimas vontades

3 | Testamento ou acta de notoriedade de declaración de herdeiros

4 | Documento de aceptación e adxudicación de herdanza

5 | Liquidación do imposto de sucesións

Que é?

É o documento que expide o Rexistro Civil para acreditar un falecemento. Debe ser o denominado certificado literal.

Como se obtén?

Tes as seguintes opcións:

- De maneira presencial no Rexistro Civil do lugar onde ocorre o falecemento. Terás que presentar o DNI da persoa que o solicita, e indicar nome/apelidos do falecido, data e lugar de falecemento.
- A través de correo ordinario, mediante o envío dunha carta ao Rexistro Civil con indicación do nome e o enderezo postal ao que queres que se envíe o certificado, e facendo constar na solicitude:
 - Nome, apelidos e DNI da persoa que solicita o certificado.
 - Nome e apelidos do falecido e lugar e data do falecemento.
- Por Internet entrando en <http://sede.mjusticia.gob.es>
- Máis información: <http://www.mjusticia.gob.es>

1 | Certificado de defunción

2 | Certificado de últimas vontades

3 | Testamento ou acta de notoriedade de declaración de heredeiros

4 | Documento de aceptación e adxudicación de herdanza

5 | Liquidación do imposto de sucesións

Que é?

Documento que acredita se unha persoa outorgou testamento e ante que notario concreto. Así, os herdeiros poderán dirixirse ao notario ante o que se outorgou o último testamento e obter unha copia autorizada deste.

En que momento se obtén?

Unha vez transcorridos polo menos 15 días hábiles desde a data do falecemento.

Como se obtén?

Terás que realizar as seguintes xestións:

- Cubrir o Modelo Tributario 790 que podes obter na Oficina Central de Atención ao Cidadán de Madrid (C/ de la Bolsa Nº 8), en calquera das Xerencias Territoriais do Ministerio de Xustiza que hai no resto de Comunidades Autónomas ou a través de www.mjusticia.gob.es. Este modelo tamén é válido para solicitar o certificado dos contratos de seguros de cobertura de deceso, vixentes na data de falecemento, e a entidade aseguradora.
- Facer efectiva a taxa do Modelo 790 (poderás facelo en calquera oficina do BBVA).
- Presentar todo o anterior, xunto co certificado literal de defunción expedido polo Rexistro Civil:
 - De forma presencial na Oficina Central de Atención ao Cidadán de Madrid (C/ de la Bolsa Nº 8), en calquera das Xerencias Territoriais do Ministerio de Xustiza que hai no resto de Comunidades Autónomas.
 - Por correo ordinario remitindo a solicitude ao Rexistro Xeral de Actos de Última Vontade, Ministerio de Xustiza, Plaza de Jacinto Benavente, 3, 28012 Madrid. O certificado será enviado ao enderezo consignado nos recadros correspondentes do Modelo 790.
 - Por Internet, con certificado electrónico de usuario do Ministerio de Xustiza en <http://sede.mjusticia.gob.es/>

1 | Certificado de defunción

2 | Certificado de últimas vontades

3 | Testamento ou acta de notoriedade de declaración de herdeiros

4 | Documento de aceptación e adxudicación de herdanza

5 | Liquidación do imposto de sucesións

Que é?

O testamento é o documento oficial que recolle a última vontade do falecido sobre o destino dos seus bens, designando herdeiros e/ou legatarios e indicando a proporción da herdanza que corresponde a cada un deles. En caso de que o falecido non outorgase testamento, será necesaria a acta de notoriedade emitida por un notario, que recolle igualmente quen son os herdeiros.

Como se obteñen?

Os herdeiros poden solicitar copia autorizada do **último testamento** na notaría onde se outorgou. Esta información consta no certificado de últimas vontades.

Se non outorgou testamento, os que teñan que ser declarados herdeiros solicitarán a **acta final de declaración de herdeiros** expedida por un notario. Será competente un notario do lugar en que tivese o causante o seu último domicilio ou residencia habitual, ou onde estiver a maior parte do seu patrimonio, ou no lugar en que falecese, sempre que estivesen en España, a escolla do solicitante.

Tamén se poderá escoller un notario dun distrito limítrofe cos anteriores. En ausencia de todos eles, será competente o notario do lugar do domicilio do requirente.

1 | Certificado de defunción

2 | Certificado de últimas vontades

3 | Testamento ou acta de notoriedade de declaración de herdeiros

4 | Documento de aceptación e adxudicación de herdanza

5 | Liquidación do imposto de sucesións



Que é?

Documento que recolle a repartición concreta dos bens depositados no BBVA, indicando de forma precisa a porcentaxe que puidese corresponder a cada interveniente.

Como se obtén?

- Se optan por un documento público, os interesados na herdanza (herdeiros, cónxuxe viúvo e legatarios) teñen que comparecer ante notario. Para a repartición de saldos en contas, valores e participacións en fondos de investimento, non é necesario documento público.
- Se optan por un documento privado, deberá estar asinado en todas as follas polos herdeiros, o cónxuxe viúvo e os legatarios. Nos anexos 2 e 3 desta guía facilitámosche modelos de documentos privados de partición que poderás utilizar.

1 | Certificado de defunción

2 | Certificado de últimas vontades

3 | Testamento ou acta de notoriedade de declaración de heredeiros

4 | Documento de aceptación e adxudicación de herdanza

5 | Liquidación do imposto de sucesións



Que é?

Documento de autoliquidación ou liquidación que debe incluír a relación de bens e saldos depositados no BBVA na data do falecemento, así como a carta de pagamento, ou declaración de exención/prescrición do imposto, se é o caso. É un requisito necesario para poder dispor dos bens adxudicados.

Como se obtén?

Ante o organismo recadador da Comunidade Autónoma correspondente. Se necesitas liquidar o imposto con cargo ao saldo das contas do falecido, terás que enviarnos solicitude asinada por todos os herdeiros se o saldo non se repartiú aínda, ou do herdeiro adxudicatario do saldo contra o que vai liquidar se xa hai acordo de repartición.

No anexo 7 desta guía facilitámosche un modelo de solicitude de pagamento do imposto de sucesións con cargo ao saldo da conta do falecido.

1 | Certificado de defunción

2 | Certificado de últimas vontades

3 | Testamento ou acta de notoriedade de declaración de herdeiros

4 | Documento de aceptación e adxudicación de herdanza

5 | Liquidación do imposto de sucesións



Proceso de testamentaría no BBVA

Como solicitante do trámite, poderás levar a cabo o proceso no BBVA a través das seguintes canles:

- Se es cliente do BBVA e usuario de bbva.es, podes facelo no teu espazo persoal > Os meus trámites > Tramitación de herdanzas.
- Se non es usuario de bbva.es, podes facelo en calquera oficina. Recomendámosche que te fagas usuario de bbva.es no propio web ou en calquera oficina, xa que por esta canle recibirás resposta de maneira máis rápida e sinxela.
- Se non es cliente e estás rexistrado no espazo usuario, podes realizar o proceso entrando desde un ordenador na páxina principal de www.bbva.es. Accede á túa área persoal e selecciona "Tramitación de herdanzas". Ou, se o prefires, podes ir a unha oficina BBVA.
- Se non es cliente e non estás rexistrado no espazo usuario, para realizar o proceso de forma dixital debes crear o teu usuario neste espazo. Lembra que é gratuito e que non te compromete a nada. Se non queres rexistrarte no espazo usuario, tamén podes ir a unha oficina.

O proceso no BBVA consta das seguintes fases:





Como comunico o falecemento ao banco?

Tes que enviar o certificado literal de defunción a través das seguintes canles:

- Se es cliente do BBVA e usuario de bbva.es, podes facelo no teu espazo persoal > Os meus trámites > Tramitación de herdanzas.
- Se es cliente do BBVA pero non es usuario de bbva.es, podes facelo en calquera oficina. Recomendámosche que te fagas usuario de bbva.es no propio web ou en calquera oficina BBVA, xa que por esta canle recibirás resposta de maneira máis rápida e sinxela.
- Se non es cliente e estás rexistrado no espazo usuario, podes enviar o certificado literal de defunción entrando desde un ordenador na páxina principal de www.bbva.es. Accede á túa área persoal e selecciona "Tramitación de herdanzas". Ou, se o prefires, podes ir a unha oficina BBVA.
- Se non es cliente e non estás rexistrado no espazo usuario, para enviare o certificado de forma dixital debes crear o teu usuario neste espazo. Lembra que é gratuito e que non te compromete a nada. Se non queres rexistrarte no espazo usuario, tamén podes ir a unha oficina.





Que ocorre tras acreditar o falecemento no banco?

Unha vez acreditado o falecemento, o banco realiza as seguintes accións:

- **Os cargos por domiciliacións en contas nas que o falecido era titular, salvo que esas domiciliacións correspondan a subministracións (auga, luz...), imposto de bens inmoables, comunidade de propietarios, cotas de préstamos, de financeiras ou de seguros.** Non obstante, se existe solicitude escrita asinada por todos os herdeiros e o/s cotitular/es, se o/s houber, paralizaranse tamén os pagamentos excluídos no parágrafo anterior.

Paralízanse:

- **As ordes periódicas de transferencias e trasposos ordenadas polo falecido desde as súas contas.**
- **Os contratos de xestión de carteiras.** A partir dese momento non se producirán compras, vendas, subscricións nin reembolsos sobre o patrimonio obxecto de xestión.
- **O aboamento de pensións procedentes da Tesouraría Xeral da Seguridade Social,** sempre que correspondan ao mes posterior e seguintes ao falecemento.

Bloquéanse:

- **O usuario multicanle do falecido,** impedíndose o acceso coas súas claves ás canles a distancia.
- **As referencias de valores e as participacións en fondos de investimento,** impedíndose as compras, as vendas e os trasposos, mesmo aínda que existan cotitulares nestas.
- **As tarxetas de crédito/débito titularidade do falecido,** así como o saldo que exista nas tarxetas prepago.

Son dados de baixa:

- **As persoas autorizadas e representantes das contas correntes** do falecido.
- **O falecido como persoa autorizada ou representante** nas contas correntes doutros clientes nas que figure como tal.

É importante que saibas que:

- En contas correntes indistintas, o cotitular sobrevivente poderá seguir dispoñendo do saldo despois do falecemento dun dos titulares.
- En contas correntes conxuntas, desde o falecemento dun titular, os demais cotitulares non poderán dispor do saldo que hai nela, salvo que teñan o consentimento expreso de todos os herdeiros do titular falecido.





1 | Comunicación do falecemento



2 | **Certificado de posicións**



3 | Documentación para a repartición

Que é?

Documento que recolle os produtos e saldos que o falecido tiña no BBVA na data do falecemento. Entregaranse tamén cartas informativas coas posicións que puidesen existir noutras sociedades do Grupo BBVA, así como os pasos que se deben seguir respecto a esas posicións.

Para que o vas necesitar?

Necesitarás ese certificado para poder liquidar o imposto de sucesións ante o organismo recadador da comunidade autónoma correspondente.

Este certificado só se poderá entregar a herdeiros, lexitimarios, cónxuxe (ou os seus respectivos representantes), testamenteiro e contador partidador. Por iso, o banco necesita coñecer o tipo de intervención que ten na herdanza a persoa que o solicita.

Que documentos teño que entregar ao banco?

Deberás entregar algunha das seguintes combinacións de documentos (só é necesaria unha das seguintes opcións):

- Certificado de últimas vontades e testamento.
- Acta final de declaración de herdeiros.
- Documento público de adjudicación de herdanza.
- Libro de familia en formato físico ou dixital (se es fillo ou cónxuxe).
- Acta de matrimonio (se es cónxuxe).
- Acta de nacemento (se es fillo).





Que outros certificados se poderán obter?

Os que acrediten a condición de herdeiro, testamenteiro, contador partidor ou comisario foral poderán, ademais, recibir certificados de movementos e posicións de datas posteriores ao falecemento. Este certificado servirache para proceder á repartición dos bens depositados no BBVA.

Só os herdeiros poderán recibir certificados de movementos e posicións anteriores á data do falecemento.

Que é o servizo de asesoramento premium a herdeiros?

Cofecemos a complexidade que ten o proceso de repartición dunha herdanza e, por iso, pomos á túa disposición un servizo de asesoramento premium a herdeiros.

Con este servizo, asignarásese un especialista que contactará contigo por teléfono en menos de 48 horas.

Coa documentación e a información que lle facilites, o especialista elaborará o documento de aceptación, partición e adxudicación dos saldos en contas, valores e/ou fondos de investimento que o falecido tivese no BBVA. Enviaracho para que o poidan asinar todos os intervinientes na herdanza que sexa necesario.

Cando o podes contratar?

Poderás contratalo así que acredites a túa condición de herdeiro ou lexitimario (e os seus respectivos representantes), testamenteiro, contador partidor ou comisario foral.

Como o podes contratar?

Para contratalo, debes asinar o documento do anexo 1 desta Guía, onde se especifican tanto os servizos que inclúe como o seu custo. Poderás facelo a través das seguintes vías:

- Se es cliente, habilitarase a posibilidade de contratar o servizo na opción de Tramitación de Herdanzas en www.bbva.es
- Se non es cliente, entregándoo en calquera oficina do BBVA.





1 | Comunicación do falecemento



2 | Certificado de posicións



3 | Documentación para a repartición

Que se fai nesta fase do proceso?

Complétanse as instrucións de repartición tal e como fosen acordadas polos herdeiros ou outros intervinientes na herdanza. Posteriormente, procederase á baixa do falecido ou cancelación das posicións repartidas.

Que documentación terás que presentar?

Os seguintes documentos serán necesarios en todos os casos:

- Documento público ou privado de repartición, no que se indique de forma precisa a porcentaxe ou fracción que puidese corresponder a cada interviniente. Para a repartición de saldos en contas, valores e participacións en fondos de investimento, non é preciso que a adxudicación se faga en documento público.
- Liquidación do imposto de sucesións, no que consten inventariados todos os bens depositados no BBVA a nome do falecido.
- Identificación dos contratos de destino, nos que cada un dos intervinientes quere recibir os bens que se lle van adxudicar.

En determinados casos, poderían ser necesarias indicacións adicionais ás recollidas na documentación detallada nesta guía (no caso de diferenzas de saldo, repartición de saldos pendentes, solicitude de baixa do titular falecido, domiciliación de recibos, etc.). Nos anexos 4 a 6 desta Guía facilitámosche modelos que poderás utilizar para solucionar estas situacións.





É **importante** que coñezas o seguinte:

- O custo do **cambio de titularidade de todas as posicións do falecido** é de 65 €, segundo a tarifa vixente de comisións, condicións e gastos repercutibles a clientes publicados polo BBVA. Este custo non se repercutirá no caso de que o importe ou valor do conxunto das posicións do falecido sexa inferior a 150 €.
- No caso de que fose necesario realizar **transferencias ordinarias a contas doutra entidade**, informámoste de que estas terán unha comisión por operación do 0,40% cun mínimo de 6,00 €. Non obstante o anterior, a disposición dos saldos en conta corrente adxudicados poderá ser efectuada polo adxudicatario destes en caixa, e por esta operación non se cobrará ningunha comisión.
- A **transmisión de valores a outras entidades** terá unha comisión do 0,35% cun máximo de 600 € por cada clase de valor. Sobre as tarifas recollidas neste parágrafo cargaranse os impostos correspondentes. Podes consultar o resto das tarifas en www.bbva.es



Recomendacións para ter en conta no momento de elaborar o documento de aceptación e adxudicación de herdanza

A continuación detallamos algunhas consideracións que hai que ter en conta no proceso de testamento, sobre todo á hora de elaborar o documento de aceptación e adxudicación de herdanza, xa sexa ante notario ou en documento privado:

- Se o falecido fose titular de **préstamos ou créditos**, a substitución do titular deberá ser aceptada polo BBVA e tramitada como unha subrogación de debedor (cambio de debedor), para o cal deberá acudir a unha oficina onde se lle ampliará esta información.
- O pleno dominio (a propiedade plena) pode dividirse en **usufruto**¹ y **núa propiedade**.² O usufrutuário ten dereito a percibir os froitos e rendas que produzan os saldos gravados polo usufruto (xuros, dividendos, etc.). O nu propietario conserva a titularidade dos saldos, pero non percibe os seus froitos e rendas. Por outra parte, informámoslos/as de que o **usufrutuário dunha conta corrente** poderá dispor do saldo depositado nela, sen necesidade de contar co consentimento do nu propietario. O usufrutuário unicamente terá a obriga de restituír o importe disposto ao extinguirse o usufruto. Non así o nu propietario, quen, para poder dispor do saldo depositado na conta, deberá contar co consentimento expreso do usufrutuário. Por este motivo, recomendámoslle converter en metálico (diñeiro) a núa propiedade e o usufruto de contas correntes e depósitos a prazo. No apartado de anexo de modelos de documentos, facilitámoslles un para a capitalización de usufruto, que poderán utilizar para ese fin. A normativa tributaria vixente prevé, para efectos fiscais, a seguinte regra de valoración do usufruto:
 - *Valoración do usufruto = 89 – idade do usufrutuário na data do falecemento do causante = % en pleno dominio para aplicar sobre o saldo usufruado, + cun mínimo dun 10% e un máximo dun 70%.*
 - *Valoración da núa propiedade = 100 - valoración do usufruto.*

1 Usufruto.- Dereito que outorga ao usufrutuário o gozo dun ben alleo (recibe froitos e rendas).

2 Núa propiedade.- Situación en que o propietario non goza do ben (os froitos e rendas son percibidos polo usufrutuário).



Os adxudicatarios poderán utilizar este criterio de valoración para o cálculo do importe en metálico que cada un se adxudique, ou ben indicar outros importes diferentes.

- Se os interesados se adxudicaron no documento de partición de herdanza os produtos depositados no banco en **proindivisión**³ de forma conxunta (e iso aínda que na adxudicación poidan figurar porcentaxes concretas), os novos produtos abriranse a nome de todos eles en cotitularidade. Canto ao réxime de disposición dos produtos, será o que determinen os herdeiros no momento en que se subscriban os correspondentes contratos. Se os interesados prefiren a adxudicación individual (non de forma conxunta), deben solicitalo por escrito con data e sinatura de todos eles. No apartado de anexo de Modelos de documentos, facilitámoslles un para ruptura de proindiviso, que poderán utilizar para ese fin.
- Se os bens están en **cotitularidade** con outros que non son herdeiros, a estes correspóndelles a parte non inventariada por herdanza. Por iso, previamente ao depósito aos herdeiros, os cotitulares non herdeiros deben asinar un escrito no que indiquen que están conformes coa porcentaxe atribuída á herdanza e cursen instrucións para o depósito dos bens que como cotitulares lles corresponden. No apartado de anexo de Modelos de documentos, facilitámoslles un para recoller consentimento de cotitular non herdeiro, que poderán utilizar para ese fin.

En determinados casos, pode ser necesario solicitarlles indicacións adicionais ás recollidas na documentación detallada na presente guía (no caso de diferenzas de saldo, repartición de saldos pendentes...).

³ Proindiviso.- Prodúcese cando varias persoas son propietarias dun mesmo ben.



Anexo 1. Contrato Servicio Asesoramiento Premium

Quen subscribe (de agora en diante, "o interesado"), a través deste documento, solicita ao BBVA contratar o servizo de asesoramento premium a herdeiros, na testamentaría de D./D.^a con NIF

O servizo prestado polo BBVA consiste na elaboración do documento de aceptación, partición e adxudicación dos saldos en contas, valores e/ou fondos de investimento que o falecido tivese no BBVA.

O custo deste servizo é de 125 € + IVE (ou imposto correspondente nas Canarias, Ceuta e Melilla). Este importe será cargado en calquera das contas que o falecido teña no BBVA, cando se complete a tramitación do expediente de testamentaría, e se finalizase.

Este servizo ofrécese exclusivamente nos expedientes en que exista pluralidade de herdeiros, lexitimarios ou outros intervinientes na herdanza.

Se o interesado que subscribe este documento é herdeiro universal único (ou representante deste debidamente acreditado), quedará sen efecto o presente contrato, e o BBVA non cargará ningún importe nas contas do falecido en concepto de servizo de asesoramento premium a herdeiros.

O motivo é que nos casos en que hai un herdeiro universal único, non é preciso elaborar documento de partición e adxudicación de posicións do falecido.

En proba de conformidade e contratación do servizo detallado, o interesado asina este documento,

D./D.^a

NIF:

Sinatura:

Anexo 2. Modelo de documento de partición privada con disolución de sociedade conxugal

(lembra que debes asinalo en todas as páxinas)

Reunidos en(lugar) o día/...../.....(data) os herdeiros e o cónxuxe viúvo de D./D.^a, falecido/a o día/...../..... (data), acordan a repartición dos seguintes bens depositados no BBVA, na forma que a continuación se indica:

CONTAS E DEPÓSITOS A PRAZO

- 1) Conta/Depósito núm. (inclúase núm. de contrato)
- 2) Conta/Depósito núm. (inclúase núm. de contrato)

D./D.^a (cónxuxe viúvo/a) adxudícase% dos saldos en pleno dominio polos seus dereitos gananciais e adxudícase% polos seus dereitos hereditarios e solicita que lle aboe na conta núm. da que é titular (inclúase IBAN da conta onde quere que se lle aboe).

D./D.^a adxudícase% dos saldos en pleno dominio e solicita que lle aboe na conta núm. da que é titular (inclúase IBAN da conta onde quere que se lle aboe).

D./D.^a adxudícase% dos saldos en pleno dominio e solicita que lle aboe na conta núm. da que é titular (inclúase IBAN da conta onde quere que se lle aboe).

No caso do depósito a prazo solicitamos que a repartición se realice (escóllase unha das 2 opcións):

- De forma inmediata. Neste caso aplicaranse as condicións pactadas no contrato para a cancelación anticipada.
- Así que se produza o vencemento deste, segundo a data pactada no contrato.

FONDOS DE INVESTIMENTO

- 1) Fondo de investimento núm.....(inclúase núm. de contrato)
- 2) Fondo de investimento núm..... (inclúase núm. de contrato)

D./D.^a (cónxuxe viúvo/a) adxudícase o% das participacións polos seus dereitos de gananciais e o% das participacións en (indíquese se é en pleno dominio ou en usufruto), polos seus dereitos hereditarios.

D./D.^a (herdeiro/a) adxudícase o% das participacións en (indíquese se é en pleno dominio ou en núa propiedade).

D./D.^a (herdeiro/a) adxudícase o% das participacións en (indíquese se é en pleno dominio ou en núa propiedade).

DEPÓSITOS DE VALORES

- 1) Depósito de valores núm.....(inclúase núm. de contrato)
- 2) Depósito de valores núm. (inclúase núm. de contrato)

D./D.^a (cónxuxe viúvo/a) adxudícase (núm. de accións) de (nome acción), polos seus dereitos gananciais, e adxudícase (núm. de accións) de (nome acción) en (indíquese se é en pleno dominio ou en usufruto), polos seus dereitos hereditarios.

D./D.^a (herdeiro/a) adxudícase (núm. de accións) de (nome acción) en (indíquese se é en pleno dominio ou en núa propiedade).

D./D.^a (herdeiro/a) adxudícase (núm. de accións) de (nome acción) en (indíquese se é en pleno dominio ou en núa propiedade).

No suposto de que tras a repartición existan accións sobrantas, e dado o seu carácter indivisible, acordan a súa adxudicación a favor de D./D.^a (designese, de entre os anteriores, o beneficiario dos títulos sobrantas).

En caso de non se completaren os datos do adxudicatario no parágrafo anterior, adxudicaranse ao cónxuxe viúvo/a.

Fun informado polo BBVA das tarifas que se cobrarán nos seguintes casos e de que pode consultar o resto das tarifas en www.bbva.es:

- Se fose necesario realizar transferencias ordinarias a contas doutra entidade, estas terán unha comisión por operación do 0,40% cun mínimo de 6,00 €. Malia o anterior, a disposición dos saldos en conta corrente adxudicados poderá ser efectuada por parte do adxudicatario destes en caixa, e por esta operación non se cobrará ningunha comisión.
- A transmisión de valores a outras entidades terá unha comisión do 0,35% cun máximo de 600 € por cada clase de valor.

Sobre as tarifas recollidas neste parágrafo cargaranse os impostos correspondentes.

Sinatura de todos os interesados:

D./D.^a
NIF:
Sinatura:

D./D.^a
NIF:
Sinatura:

D./D.^a
NIF:
Sinatura:

D./D.^a
NIF:
Sinatura:

D./D.^a
NIF:
Sinatura:

D./D.^a
NIF:
Sinatura:

D./D.^a
NIF:
Sinatura:

D./D.^a
NIF:
Sinatura:

D./D.^a
NIF:
Sinatura:

D./D.^a
NIF:
Sinatura:

Anexo 3. Modelo de documento de partición privada sen disolución de sociedade conxugal (lembra que debes asinalo en todas as páxinas)

Reunidos en (lugar) o día / / (data) os herdeiros de D./D.^a falecido/a o día / / (data), acordan a repartición dos seguintes bens depositados no BBVA, na forma que a continuación se indica:

CONTAS E DEPÓSITOS A PRAZO

- 1) Conta/Depósito núm. (inclúase núm. de contrato)
- 2) Conta/Depósito núm. (inclúase núm. de contrato)

Herdeiro/a D./D.^a (cónxuxe viúvo/a) adxudícase% dos saldos en pleno dominio e solicita que lle aboe na conta núm. da que é titular (inclúase IBAN da conta onde quere que se lle aboe).

Herdeiro/a D./D.^a adxudícase% dos saldos en pleno dominio e solicita que lle aboe na conta núm. da que é titular (inclúase IBAN da conta onde quere que se lle aboe).

Herdeiro/a D./D.^a adxudícase% dos saldos en pleno dominio e solicita que lle aboe na conta núm. da que é titular (inclúase IBAN da conta onde quere que se lle aboe).

Herdeiro/a D./D.^a adxudícase% dos saldos en pleno dominio e solicita que lle aboe na conta núm. da que é titular (inclúase IBAN da conta onde quere que se lle aboe).

No caso do depósito a prazo solicitamos que a repartición se realice (escóllase unha das 2 opcións):

- De forma inmediata. Neste caso aplicaranse as condicións pactadas no contrato para a cancelación anticipada.
- Así que se produza o vencemento deste, segundo a data pactada no contrato.

FONDOS DE INVESTIMENTO

1) Fondo de investimento núm. (inclúase núm. de contrato)

2) Fondo de investimento núm. (inclúase núm. de contrato)

D./D.^a (herdeiro/a), adxudícase o% das participacións en (indíquese se é en pleno dominio ou en núa propiedade).

D./D.^a (herdeiro/a), adxudícase o% das participacións en (indíquese se é en pleno dominio ou en núa propiedade).

D./D.^a (herdeiro/a), adxudícase o% das participacións en (indíquese se é en pleno dominio ou en núa propiedade).

D./D.^a (herdeiro/a), adxudícase o% das participacións en (indíquese se é en pleno dominio ou en núa propiedade).

DEPÓSITOS DE VALORES

1) Depósito de valores núm. (inclúase núm. de contrato)

2) Depósito de valores núm. (inclúase núm. de contrato)

D./D.^a (herdeiro/a) adxudícase (núm. de accións) de (nome acción) en (indíquese se é en pleno dominio ou en núa propiedade).

D./D.^a (herdeiro/a) adxudícase (núm. de accións) de (nome acción) en (indíquese se é en pleno dominio ou en núa propiedade).

D./D.^a (herdeiro/a) adxudícase (núm. de accións) de (nome acción) en (indíquese se é en pleno dominio ou en núa propiedade).

D./D.^a (herdeiro/a) adxudícase (núm. de accións) de (nome acción) en (indíquese se é en pleno dominio ou en núa propiedade).

No suposto de que tras a repartición existan accións sobrantes, e dado o seu carácter indivisible, acordan a súa adxudicación a favor de D./D.^a (desígnese, de entre os anteriores, o beneficiario dos títulos sobrantes).

En caso de non se completaren os datos do adxudicatario no parágrafo anterior, adxudicaranse ao cónxuxe viúvo/a.

Fun informado polo BBVA das tarifas que se cobrarán nos seguintes casos e de que podo consultar o resto das tarifas en www.bbva.es:

- Se fose necesario realizar transferencias ordinarias a contas doutra entidade, estas terán unha comisión por operación do 0,40% cun mínimo de 6,00 €. Malia o anterior, a disposición dos saldos en conta corrente adxudicados poderá ser efectuada por parte do adxudicatario destes en caixa, e por esta operación non se cobrará ningunha comisión.
- A transmisión de valores a outras entidades terá unha comisión do 0,35% cun máximo de 600 € por cada clase de valor.

Sobre as tarifas recollidas neste parágrafo cargaranse os impostos correspondentes.

Sinatura de todos os interesados:

D./D.^a
NIF:
Sinatura:

D./D.^a
NIF:
Sinatura:

D./D.^a
NIF:
Sinatura:

D./D.^a
NIF:
Sinatura:

D./D.^a
NIF:
Sinatura:

D./D.^a
NIF:
Sinatura:

D./D.^a
NIF:
Sinatura:

D./D.^a
NIF:
Sinatura:

D./D.^a
NIF:
Sinatura:

D./D.^a
NIF:
Sinatura:

ANEXO 4. MODELO DE DOCUMENTO PARA RUPTURA DE PROINDIVISO (lembra que debes asinalo en todas as páxinas).

Reunidos en (lugar), o día/...../..... (data), os herdeiros de D./D.^a, falecido o día/...../..... (data), manifestan o seguinte:

Que no documento de partición da herdanza do día/...../..... (inclúase a data do documento de partición), os bens que a continuación se enumeran foron adxudicados en proindiviso, é dicir, de forma conxunta, aos aquí asinantes.

CONTAS/DEPÓSITOS/FONDOS DE INVESTIMENTO/VALORES:

- 1) (inclúase núm. de contrato)
- 2) (inclúase núm. de contrato)
- 3) (inclúase núm. de contrato)

Non obstante, é o noso desexo exercer neste escrito a acción de división, polo que solicitamos a esa entidade o depósito dos bens de forma individual a cada un dos asinantes mantendo a mesma porcentaxe de propiedade que a acordada no documento de partición do día/...../..... (inclúase a data do documento de partición).

A continuación detallamos os núm. de contratos nos que cada un dos herdeiros solicita que se transfiran os saldos adxudicados / se depositen as accións recibidas:

D./D.^a (cónxuxe viúvo/a), solicita que se lle aboe na conta núm. (inclúase o IBAN da conta de aboamento), e na referencia de valores núm. (inclúase o núm. de contrato de valores)

D./D.^a (herdeiro/a) solicita que se lle aboe na conta núm. (inclúase o IBAN da conta de aboamento), e na referencia de valores núm. (inclúase o núm. de contrato de valores)

D./D.^a (herdeiro/a) solicita que se lle aboe na conta núm. (inclúase o IBAN da conta de aboamento), e na referencia de valores núm. (inclúase o núm. de contrato de valores)

No suposto de que tras a ruptura do proindiviso existan accións sobrantes, e dado o seu carácter indivisible, acordan adxudicalas a favor de D./D.^a (desígnese, de entre os anteriores, o beneficiario dos títulos sobrantes)

En caso de que non se concretase ningún beneficiario no apartado anterior, os valores sobrantes adxudicaranse de acordo cos seguintes criterios:

- 1.º ao cónxuxe viúvo/a.
- 2.º en caso de non existir cónxuxe viúvo/a, de forma aleatoria, a calquera dos herdeiros/as que consten identificados na entidade.

Sinatura de todos os interesados:

D./D.^a

NIF

Sinatura:

D./D.^a

NIF

Sinatura:

ANEXO 5. MODELO DE DOCUMENTO PARA CAPITALIZACIÓN DE USUFRUTO (lembra que debes asinalo en todas as páxinas).

Reunidos en (lugar), o día/...../..... (data), D./D.^a....., como usufrutuário/a, D./D.^a....., como nu propietario/a, e D./D.^a....., como nu propietario/a, manifestan o seguinte:

Que no documento de partición do día/...../..... (inclúase a data do documento de partición), da herdanza de D./D.^a....., falecido/a o día/...../..... (data), o saldo das contas correntes/depósitos que a continuación se enumeran foron adjudicados en usufruto e núa propiedade aos que aquí asinan:

1) Conta núm..... (inclúase núm. de contrato)

2) Conta núm..... (inclúase núm. de contrato)

É a nosa vontade modificar a repartición do saldo da/s referida/s conta/s/depósito/s, e que se realice conforme o seguinte:

- D./D.^a....., adjudícase o % do saldo existente no día de repartición, en pleno dominio, e solicita que se lle aboe na conta núm. (inclúase o IBAN da conta de aboamento), da que é titular.

- D./D.^a....., adjudícase o % do saldo existente no día de repartición, en pleno dominio, e solicita que se lle aboe na conta núm. (inclúase o IBAN da conta de aboamento), da que é titular.

- D./D.^a....., adjudícase o % do saldo existente no día de repartición, en pleno dominio, e solicita que se lle aboe na conta núm. (inclúase o IBAN da conta de aboamento), da que é titular.

Sinatura de todos os interesados:

D./D.^a.....

NIF

Sinatura:

D./D.^a.....

NIF

Sinatura:

D./D.^a.....

NIF

Sinatura:

ANEXO 6. MODELO DE DOCUMENTO PARA CONFORMIDADE DE COTITULAR NON HERDEIRO (lembra que debes asinalo en todas as páxinas).

En (lugar), o día/...../..... (data), D./D.^a, manifesta que no documento de partición do día/...../....., da herdanza de D./D.^a, falecido/a o día/...../..... (data), e en relación aos contratos detallados a continuación:

CONTAS/DEPÓSITOS/FONDOS DE INVESTIMENTO/VALORES:

- 1)(inclúase núm. de contrato)
- 2)(inclúase núm. de contrato)
- 3)(inclúase núm. de contrato)

atribuíuse á herdanza o% dos bens/saldo depositado nestes, e a min, na miña condición de cotitular, o%.

A través do presente documento, mostro a miña conformidade ás porcentaxes de atribución anteriormente detalladas.

Sinatura do cotitular:

D./D.^a

NIF.....

Sinatura:

ANEXO 7. MODELO DE DOCUMENTO PARA SOLICITUDE DE ANTICIPO PARA O PAGAMENTO DO IMPOSTO DE SUCESIÓN (desde posicións titularidade do falecido).

O día/...../ (data), os herdeiros de D/D.^a, con NIF (NIF causante), falecido/a o día/...../ (data), solicitamos ao BBVA que se proceda, por razón de urxencia, a dar cumprimento ás seguintes ordes, desde posicións titularidade do causante: (márquese a/s opción/s que corresponda/n)

O reintegro de (indíquese a cantidade)

..... € da conta/depósito a prazo núm(inclúase núm. de contrato)

..... € da conta/depósito a prazo núm(inclúase núm. de contrato)

Coa exclusiva finalidade de atender os seguintes pagamentos relativos á cota do imposto de sucesións da herdanza do/a falecido/a arriba mencionado/a, e correspondentes aos/ás seguintes obrigados/as tributarios/as:

D/D.^a por un importe de €

D/D.^a por un importe de €

Os referidos pagamentos realizaranse a favor do organismo recadador correspondente, polo seguinte medio:

transferencia

cheque nominativo

pagamento directo

Os herdeiros recoñecen que foron informados polo BBVA de que se podería cambiar a titularidade dos saldos ao seu favor, tras os trámites oportunos.

Sinatura de todos os interesados:

D/D.^a

D/D.^a

NIF.....

NIF.....

Sinatura:

Sinatura: